COCIÑEIRO *alejandro iglesias*

EI

OBRADOIRO DE COCIÑA

Alejandro Iglesias Vázquez, Alex para nós, quería ser cociñeiro desde que era pequeno porque dicía que a sensación das distintas texturas, cores e olores que experimentaba cando metía as mans na masa non era igualable a ningunha outra.
Antes de partir hacia Girona completar a súa formación no Celler de Can Roca, nomeado o mellor restaurante do mundo, pasou unha mañá con todo o alumnado de educación infantil ensinándonos a elaborar pasta fresca.
Precisábamos unha receita sinxela que se puidera realizar coas manciñas das cativas e cativos de 3, 4 e 5 anos. Igual que Alex tocamos a fariña suave e branca que se volveu pegañenta cando engadimos o ovo pero que tornou de novo suave e amarela despois de amasar e amasar e amasar. As mans expertas, aínda que xóvenes, do cociñeiro pasaron cada boliña de masa pola máquina que a transformaría en longuísimos espaguetes que provocaron a exclamación e admiración de todos os que tivemos a ocasión de participar neste taller de cociña.
Non só puidemos desfrutar preparando un dos pratos que máis aceptación ten entre as nenas e nenos senón que nos permitiu organizarnos nun agrupamento internivelar onde, en cada sesión, participou alumnado de todos os niveis do ciclo.
O mesmo que na cociña fomos un só equipo formado polas persoas titoras e o profesorado que apoia e imparte docencia en educación infantil, o mestre de cociña dirixíndonos e as nosas pequenas e pequenos que puideron participar e colaborar activamente incluídos aqueles que presentan algún tipo de alerxia alimentaria e que empregaron aceite como sustitutivo do ovo.
Aínda que non teña o formato dunha receita, pero por si estades interesados en poder repetila na casa, así recordaron as nenas e nenos o que precisamos e os pasos que realizamos. Fariña e ovo como ingredientes (para cada 100gr de fariña un ovo) e para a elaboración facer un volcán coa fariña, engadir o ovo, mesturar ata conseguir unha bóla (masa compacta), pasar pola máquina e cociñar.

COÑECEMOS A VIVALDI

3 anos A

Toda unha experiencia musical

Grazas a Eva Gude puidemos escoitar en directo pezas interpretadas co violín, así como achegarnos as súas características.